



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, fixo o pasado 22 de xuño no Parlamento de Galicia un balance do primeiro ano de execución da **Estratexia de Especialización Intelixente** de Galicia-RIS3, a estratexia que está a guiar a política de I+D+i da nosa comunidade no periodo 2014-2020. Nesta comparecencia o conselleiro destacou que a RIS3 xa **mobilizou 220 millóns de euros** no primeiro ano e impulsou 626 iniciativas innovadoras en empresas, universidades e centros tecnolóxicos galegos.

Estes 220 millóns de euros veranse incrementados neste ano 2015 coa chegada dos novos fondos FEDER, o investimento de 45 millóns de euros no polo tecnolóxico de avións non tripulados e coa participación galega nos 110 millóns da convocatoria Innterconecta.

As **pequenas e medianas empresas** foron as principais destinatarias das axudas concedidas ao tecido produtivo, acadando o **94% dos fondos**, para impulsar a mellora da competitividade e o crecemento da economía galega. Ademais, o investimento público produciu un importante **efecto panca sobre os proxectos innovadores das grandes empresas**, xa que por cada euro investido pola Xunta mobilizáronse cinco euros privados, contribuíndo a facilitar un salto cualitativo no modelo produtivo galego cara un modelo baseado no coñecemento e na innovación.

Dos tres retos sinalados na **RIS3**, a mellora da competitividade e a diversificación da industria concentrou preto do 60% da mobilización de capital, en liña coa Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0 que busca modernizar o tecido industrial galego. A xestión innovadora dos recursos naturais e culturais concentrou o 27% dos fondos mobilizados e o 13% restante correspondeulle ao desenvolvemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

Conde destacou que Galicia está a ser pioneira no desenvolvemento desta estratexia, xa que é a primeira comunidade autónoma en facer balance e que non agardou á aprobación dos fondos europeos para o periodo 2014-2020 para poñela en marcha.

Por último, o conselleiro concluiu que “a RIS3 repercute directamente na vida de todos os galegos e galegas mellorando a nosa calidade de vida, xerando máis oportunidades para o noso tecido

productivo e impulsando a creación de emprego (...) o camiño para cambiar o noso modelo productivo e conseguir crecer de forma sostible no tempo, creando riqueza e postos de traballo de calidade”.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.